


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE AS PONTES PARA A APLICACIÓN DO PROGRAMA DE OFERTA DE SOLO DE TITULARIDADE DAS ENTIDADES LOCAIS PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA

As Pontes de García Rodríguez, a 27 de maio de 2025

REUNIDOS



Dunha parte, María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, actuando na súa condición de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), en virtude do disposto no artigo 4 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica deste organismo.

E, doutra parte, Valentín González Formoso, en representación do Concello de As Pontes de García Rodríguez, en virtude das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. O IGVS é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ao que lle corresponde realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, especialmente para os sectores con menos capacidade económica, e a unha utilización do solo de acordo co interese xeral, erradicando a especulación e actuando como elemento de regulación do mercado inmobiliario e de mellora da calidade ambiental, de acordo co establecido na Lei 3/1988, do 27 de abril, da súa creación. Para o cumprimento destes fins pode establecer convenios con entes públicos ou privados, en virtude do sinalado no artigo 3 da referida lei.

Segundo. De conformidade co establecido, tanto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas

respectivas competencias, as entidades locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para allear toda clase de bens e realizar contratos.

O alleamento de bens patrimoniais das entidades locais seguirá os trámites especificados nos artigos 109 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Terceiro. As relacións de cooperación e colaboración técnica e administrativa entre a Xunta de Galicia e as entidades locais en asuntos de interese común poderá realizarse mediante a subscrición de convenios, ao abeiro do sinalado nos artigos 194 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Cuarto. As partes asinantes do convenio son conscientes de que a situación actual de escaseza de vivenda a prezo accesible constitúe un problema que exige a adopción polos poderes públicos de todas as medidas que resulten necesarias para facerlle fronte, xa sexan de carácter substantivo ou procedimental.

O Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida ten por obxecto facilitar ás entidades locais a adxudicación de parcelas da súa titularidade, en compravenda ou dereito de superficie, co obxecto de construír vivendas protexidas.

Quinto. O alcalde-presidente do Concello de As Pontes de García Rodríguez está interesado na implantación do Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida.

Polo anterior, as partes conviñeron a formalización deste convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do convenio é establecer os termos e condicións da colaboración entre o IGVS e o Concello de As Pontes de García Rodríguez para o desenvolvemento do Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida.

Segunda. Obrigas do IGVS

O IGVS asume as seguintes obrigas:

- a) Elaborar os pregos de bases polos que se rexerá a adxudicación das parcelas e tramitar os correspondentes procedementos.
- b) Publicar os anuncios da licitación na páxina web do IGVS.
- c) Designar aos membros das Mesas de licitación, entre os que se incluírá un representante da entidade local no relativo á adxudicación de parcelas da súa titularidade, se esta última o indica expresamente.
- d) Efectuar a valoración técnica das ofertas presentadas polas persoas licitadoras.
- e) Elaborar as propostas de adxudicacións dos contratos.

Terceira. Obrigas da entidade local

O Concello de As Pontes de García Rodríguez asume as seguintes obrigas:

- a) Remitir ao IGVS, coa maior celeridade posible, canta información lle sexa requirida polo dito organismo en relación coa adxudicación das parcelas.
- b) Ditar a correspondente resolución de adxudicación dos contratos.
- c) Remitir ao IGVS os contratos de adxudicación das parcelas asinados no prazo máximo dun mes desde a súa sinatura.

Cuarta. Contido económico

O presente convenio non supón a existencia de gastos para as partes asinantes.

Quinta. Comisión de seguimento

Coa finalidade de garantir a consecución do obxecto descrito e de asegurar unha coordinación efectiva entre as partes, constituirase unha comisión de seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, que se encargará da adecuada coordinación, seguimento, avaliación e cumprimento do presente convenio, así como de resolver as controversias que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento.

Sexta. Vixencia do convenio

O presente convenio estará vixente durante a duración do Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida.

Sétima. Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

- 1. O mutuo acordo das entidades asinantes.

2. O incumprimento total ou parcial das obrigas asumidas polas partes neste convenio.

A resolución do convenio non implicará a indemnización de danos ou perdas a favor de ningunha das partes.

Oitava. Protección de datos persoais

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométese a tratar os datos persoais que fosen postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, en adiante, RXD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante na materia.

Novena. Divulgación da formalización do convenio

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos como consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

En proba de conformidade, as partes subscriben o presente documento.

María Martínez Allegue

Presidenta do IGVS



Valentín González Formoso

Alcalde de As Pontes de García Rodríguez

